Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE CASTRELOS ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR (Expte 2590/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na Avda. Castrelos, entre Avda. Portanet e Clara Campoamor, sendo adxudicados os servizos a COORDINA, o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

- *Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D. ROBERTO PÉREZ PROL, DNI. 44466539-H, Enxeñeiro Técnico Agrícola e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Colexiado nº 358 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.*

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Humanización da Avda. Castrelos entre Avda. Portanet e Clara Campoamor, considerase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra Humanización da Avda. Castrelos entre Avda. Portanet e Clara Campoamor, (expte: 2590/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D^a MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Humanización da Avda. Castrelos entre Avda. Portanet e Clara Campoamor (expte: 2590/440) ao Técnico da empresa COORDINA. D. ROBERTO PÉREZ PROL, DNI. 44466539-H, Enxeñeiro Técnico Agrícola e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Colexiado nº 358 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE CASTRELOS ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR (Expte 2590/440)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1576).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE I (ENTRE REPÚBLICA ARGENTINA E CANCELEIRO". EXPTE. 2779/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/12/14, do xefe da área de Fomento, asinado polo asesor xurídico de área e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 10 de outubro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE I (ENTRE REPÚBLICA ARGENTINA E CANCELEIRO. (Expte. 2619/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 17 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE I (ENTRE REPÚBLICA ARGENTINA E CANCELEIRO. (Expte. 2619/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 2619/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 2619/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que “a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE I (ENTRE REPÚBLICA ARGENTINA E CANCELEIRO. (Expte. 2619/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa II República, sendo adxudicados os servizos a PROYEGAL INGENIERÍA, SL., o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

- Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D^a. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ, DNI. 53182606-M Arquitecto Técnico, Colexiado N^o VR 1002 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en Humanización da rúa Rosalía de Castro. Fase I (entre República Argentina e Canceleiro), considerase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra Humanización da rúa Rosalía de Castro. Fase I (entre República Argentina e Canceleiro) (expte: 2619/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Humanización da rúa Rosalía de Castro. Fase I (entre República Argentina e Canceleiro) (expte: 2619/440) á Técnica da empresa PROYEGAL INGENIERÍA, SL.,. D^a. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ, DNI. 53182606-M Arquitecto Técnico, Colexiado N^o VR 1002 do Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectos Técnicos de Pontevedra, delegación de Vigo.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO. FASE I (ENTRE REPÚBLICA ARGENTINA E CANCELEIRO. (Expte. 2619/440)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1577).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS". EXPTE. 2777/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/12/14, dáse conta do informe-proposta da mesma data do xefe da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 3 de decembro de 2014 aprobou o proxecto RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS, cun orzamento de base de licitación de 93.046,46 €(IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

-Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1578).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS “CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS RÚA II REPÚBLICA”. EXPTE. 2777/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 18/12/14, do xefe da área de Fomento, asinado polo asesor xurídico de área e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS RÚA II REPÚBLICA (Expte 2589/440).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS RÚA II REPÚBLICA (Expte 2589/440).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 2589/440, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o expediente 2589/440 defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Centrándonos xa na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa pode ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que conten coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería ésta a que nomease ao referido facultativo).

En canto á habilitación profesional para desempeñar a dirección facultativa estará en función da natureza das obras a executar. En todo caso débese partir do principio consagrado pola xurisprudencia (sentenzas do Tribunal Supremo de 26 de febreiro de 1966, 16 de marzo de 1967, 31 de decembro de 1973, 24 de marzo de 1975, 8 de xullo de 1981, 28 de outubro de 1987 e 21 de abril de 1989, entre outras) de que **“a competencia de cada rama de enxeñaría depende da capacidade técnica real para o desenvolvemento das funcións propias da mesma (liberdade e idoneidade).**

Neste senso e con referencia a este asunto concreto, o Decreto de data 18 de setembro de 1935 atribúe aos profesionais en posesión do título de enxeñeiro industrial a capacidade para proxectar, executar e dirixir toda clase de instalacións comprendidas en diversas ramas industriais entre as que, a efectos deste informe, figuran: “construcións hidráulicas e civís”, “iluminación e saneamento”, “aproveitamento de augas públicas para abastecemento, regas ou industrias”, “xeración”, “transformación”, “transportes de utilización da enerxía eléctrica en todas as súas manifestacións” e “comunicacións a distancia e en xeral, canto comprende o campo da telecomunicación”.

Por outra banda o artigo 2 da Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre Regulación das Atribucións Profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros Técnicos, inclúe entre as súas atribucións: (...) a dirección das actividades obxecto de proxectos que teñan por finalidade as construcións, reformas, reparación (...) de bens mobles e inmobles, sempre que queden comprendidos pola súa natureza e características na técnica propia da súa titulación.

En todo caso, a Disposición Adicional da referida Lei contempla que o establecido na mesma non será directamente aplicable aos arquitectos e enxeñeiros técnicos vinculados á Administración Pública, que rexeranse polas súas respectivas normas estatutarias. Sen embargo xa a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de xaneiro de 2000 declarou que tamén neste caso seranlle de aplicación as normas propias de cada profesión.

En relación ao citado expediente para a contratación das obras do proxecto CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS RÚA II REPÚBLICA (Expte 2589/440), dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos para a coordinación de seguridade e saúde das citadas obras na rúa II República, sendo adxudicados

os servizos a APPLUS NORCONTROL, SLU., o cal procedeu a nomear ao seguinte técnico para o desenvolvemento destas funcións:

- Como Coordinador de Seguridade e Saúde a: D. JUAN COSTAS FERNÁNDEZ, DNI. 36093748-D, Enxeñeiro Técnico Forestal, Colexiado nº 563 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste en cubrición das escaleiras mecánicas da rúa II República, considerase adecuado o nomeamento do técnico mencionado en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección Facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle ao órgano de contratación, de acordo ao estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

3.- Proposta:

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Dirección Facultativa da obra Cubrición escaleiras mecánicas rúa II República (expte: 2589/440) aos Técnicos Municipais D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D^a MARÍA FRANCISCA ARLANDIS MARRA.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde da obra Cubrición escaleiras mecánicas rúa II República (expte: 2589/440) ao Técnico da empresa APPLUS NORCONTROL, SLU. D. JUAN COSTAS FERNÁNDEZ, DNI. 36093748-D, Enxeñeiro Técnico Forestal, Colexiado nº 563 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente do procedemento aberto para a contratación CUBRICIÓN ESCALEIRAS MECÁNICAS RÚA II REPÚBLICA (Expte 2589/440)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1579).- PROXECTO BÁSICO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DO CASTRO. EXPTE. 7534/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/12/14, dáse conta do informe-proposta do 18/12/14, da xefa de Patrimonio Histórico conformado pola xefa de área da 1^a Tenencia de Alcaldía e pola concelleira delegada de área que di o seguinte:

O 22 de outubro de 2014 publicouse no Boletín Oficial do Estado, a Orden FOM/1932/2014, de 30 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para actuacións de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico Español, con cargo aos recursos procedentes das obras públicas financiadas polo Ministerio de Fomento e polas Entidades do sector público dependentes ou vinculadas.

O 27 de novembro de 2014 publicouse no BOE a convocatoria de ditas axudas.

O Concello de Vigo ten intención de solicitar unha axuda destinada a recuperación e posta en valor da muralla do Castro, declarada Ben de Interese Cultural segundo o Decreto de 22 de abril de 1949.

Así, as solicitudes de axudas ao Ministerio de Fomento deben constar, ademáis doutros documentos, dunha “documentación descriptiva, a nivel mínimo de proxecto básico, da intervención solicitada”, polo que se contratou á empresa PETTRA con esta finalidade.

No proxecto prantéxanse tres liñas de intervención principais: intervencións de conservación e recuperación de elementos propios da fortaleza; reorganización da accesibilidade ao monumento: Porta Norte; e mellora da integración ambiental da Fortaleza: iluminación e paisaxismo.

Con data 18 de decembro de 2014, a apareladora municipal, en escrito que se acompaña a este expediente, informa que estas “intervencións encádranse entre as permitidas na ordenanza de aplicación e na ficha do catálogo en canto supoñen a conservación e recuperación dos elementos protexidos”.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

- Aprobar o PROXECTO BÁSICO DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DO CASTRO, redactado pola empresa PETTRA.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1580).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.931,70 € A FAVOR DE TAELO S. COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL E O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 42697/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/12/14, dáse conta do informe-proposta do 10/12/14, do intendente da Policía Local, conformado polo xefe de área e polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

“O 01 de decembro de 2014 a mercantil TAELO, S. COOP. presenta a través do Rexistro Xeral a factura Nº. TR80117/14 por importe de 22.931,70 € (IVE engadido) polo concepto de “infraestrutura e mantemento da rede trunking de comunicacións, correspondente aos meses de setembro, outubro e novembro de 2014”.

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar “expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de setembro, outubro e novembro de 2014, e por importe de 22.931,70 € (IVE engadido) segundo factura Nº. TR80117/14”.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto o Concello a través do negocio xurídico pertinente non se acolle á prestación pública do servizo pola Xunta de Galicia, previsto para finais do 2014 ou principios do 2015.

Segundo se afirma na memoria, a finais de 2014 principios de 2015 a Xunta de Galicia terá operativa a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, que ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias, e a que se poderán acoller outras entidades públicas con competencias neste ámbito; sendo ademáis esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.

Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de Policía e Extinción de Incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público vai transcorrer un periodo aproximado de 7 meses nos que o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e Extinción de Incendios.

Non en tanto a prestación durante este periodo de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademáis a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, presumiblemente amortizada durante estos anos, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o periodo da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto.

O art. 103.1 da Constitución dispón o sometemento pleno da Administración á lei e ao Dereito, que constitúe a cláusula primordial do Estado de Dereito e pedra angular de todo o Dereito administrativo. É unha cuestión pacífica na doutrina que o ámbito do Dereito non resulta agotado pola lei, senon que se estende tamén ao resto de fontes de produción normativa e os principios xerais do Dereito que, en canto expresivos dos valores materiais básicos do ordenamento

xurídico, o informan, determinan a súa interpretación conforme aos mesmos e suplen, no seu caso, as fontes escritas.

A contratación pública non é ningún fin en si mesmo senon que o seu réxime xurídico está orientado a consecución de certos fins enumerados a modo de principios no RDL 3/2011, fundamentalmente nos artigos 1 e 22. De entre todos sobresalen os de igualdade, eficacia e eficiencia, de seu incluído en aquél, principios xerais do Dereito que, como tales ostentan un radio de acción máis amplo co da contratación. Os demais principios enumerados ben son unha concreción dos mesmos no ámbito da contratación ben son instrumentais dos mesmos, así o de libre concurrencia, publicidade, racionalidade da contratación, etc.

De xeito que sendo aqueles os principios fundamentais que informan as normas da contratación a interpretación e aplicación das mesmas ten que ser conforme ás pautas axiolóxicas proporcionadas polos principios de igualdade, eficacia e eficiencia, quedando vedadas solucións opostas a esa orientación material que resulten absurdas, inxustas ou incoherentes.

Resulta absurdo, por contrario ás regras da lóxica e á razón, someter unha prestación que carece de mercado, polos factores xa reseñados, a un procedemento de contratación que, precisamente, produciría resultados contrarios aos principios e fins pretendidos polo RDL 3/2011. A prestación do servizo a través do negocio contractual nada aporta ao principio de igualdade, debido á notoria situación de ventaxa na que se atopa a mercantil TAE LPO, e moito resta de eficacia e eficiencia na utilización dos fondos públicos, ao engadir costes inútiles e risco, ademais, de que quede deserto por aproveitamento precisamente pola mercantil desa manifesta posición de ventaxa.

O art. 22.1 do RDL 3/2011, que encabeza o capítulo I do libro primeiro, cuxo título reza: "Racionalidade e consistencia da contratación do sector público", establece un mandato claro de que os entes, organismos e entidades do sector público "NON PODEN CELEBRAR OUTROS CONTRATOS QUE AQUELES QUE SEXAN NECESARIOS PARA O CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS SEUS FINS INSTITUCIONAIS".

En verdade, esta proposición normativa non deixa de ser refrexo do mandato constitucional do 103.1 de que a Administración sirva con obxetividade os intereses xerais e do principio de eficacia e eficiencia.

Unha interpretación do mandato a través dos cánones hermenéuticos aceptados pola comunidade xurídica e conforme aos criterios axiolóxicos proporcionados pola igualdade, eficacia e eficiencia, esixe un entendemento do mandato nun sentido máis amplo co de mera indispensabilidade material para prestación ou realización dos servizos públicos atribuídos; debe abarcar unha intelixencia do precepto comprensiva da indispensabilidade do contrato para a prestación dos servizos públicos conforme á orientación material da súa actividade servicial proporcionada por esos principios.

Así pois, as singulares circunstancias que concurren neste caso, non fan necesario o desenvolvemento da provisional prestación no marco obrigacional dun contrato maior, pois este negocio xurídico nada favorece ao principio de igualdade e, non entanto, frustraría unha solución baseada na máxima eficacia e eficiencia do gasto.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- A factura responde aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe da factura, de 22.931,70 € (IVE engadido), responde a estimacions de mercado e as propias previsións do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking). Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

O expediente incorporouse tamén unha declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1. Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe de 22.931,70 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de setembro, outubro e novembro de 2014, segundo factura Nº. TR80117/14, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil, a percibir dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking)."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1581).- REVISIÓN DE TARIFAS DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO PARA O ANO 2015. EXPTE. 465/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/12/14, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/14, da xefa do servizo de Transportes, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

"TARIFAS SOLICITADAS

D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da entidade mercantil "Viguesa de Transportes , S.L." (Vitrassa), na data 30 de outubro de 2014 presenta expediente de revisión da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2015, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexiu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

As tarifas de aplicación peticona32das para o ano 2015 son as seguintes:

**** billete ordinario 1,32 euros/viaxeiro.*

**** prezo coche/que 5,2760 euros/qm.*

TARIFAS VIXENTES

A ultima tarifa aprobada por Resolución da Ilma. Sra Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia na data 27 de decembro de 2013 e a seguinte:

billete ordinario..... 1 . 32 €

En canto o coche/qm.a ultima tarifa foi fixada polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2013 en:

prezo coche/qm..... 5,2631 €

INFORME DO SERVIZO

Examinada a documentación aportada pola empresa solicitante informase o seguinte :

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, presenta expediente de revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudio económico xustificativo das tarifas que se aplicarían a partir do 1º de xaneiro do ano 2015.

Os prezos que propón aplicar (incluído IVE do 10 %) son os seguintes:

Billete ordinario 1,32 €

Prezo coche/ Qm. 5,2760 €

De conformidade co Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión e coa oferta adxudicataria a tarifa ten a seguinte estrutura:

Custo unitario
Repercusión material móbil
Repercusión terreos e instalacións
Ingresos por publicidade (a deducir)

CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión K_t , que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións o valor do custo unitario da adxudicación. Os valores de orixen e os coeficientes da fórmula polinómica figuran na oferta. Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

Ht polo Convenio Provincial
Ct polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía..
IPCt polo certificado do I.N.E.

A) Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 24.562,40 €.

De conformidade co disposto no prego de condicións que rixe a concesión o valor da man de obra revisarase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de conductor, supoñendo constante o número de horas traballadas, tendo en conta os custos da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

Na revisión tarifaría do ano 1997 interpreouse como transformada a plantilla ofertada a 268 traballadores pola aplicación de horas estruturais e como consecuencia da diminución do absentismo; a plantilla media anual son 330,2 traballadores, de conformidade cos TC2 aportados pola empresa e a certificación da mesma e o persoal de limpeza cúbrese mediante contrato con unha empresa, (segundo certificación aportada pola empresa concesionaria)

Comoqueira que o Convenio Provincial non foi revisado e correcta a cantidade proposta e que é a mesma que na revisión anterior.

B) Factor combustible.

En xuño do ano 96 desapareceu o concepto de prezo máximo autorizado do gasóleo A, que se fixaba por Orden do Ministerio de Industria e Enerxía, e que de conformidade co disposto no prego de condicións era o índice a considerar para a revisión do factor combustible, polo que ata a data acordouse o prezo a aplicar de común acordo entre o Concello e a empresa concesionaria.

Dende a revisión correspondente ao ano 2002 e de común acordo coa empresa concesionaria vense utilizando a referencia o mes de xuño do ano 1996, ano da última publicación no B.O.E.

do prezo máximo autorizado do gasóleo, relacionando o citado prezo co precio medio nas gasolinas , do que se obtén un índice corrector :

Prezo medio de gasolinas xuño 1996 87,70 ptas
Índice aplicable 1,033
Prezo máximo autorizado B.O.E. xuño 1996 90,60 ptas

E o citado índice aplícase á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro a agosto do último ano, publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

A empresa concesionaria no expediente de revisión presentado solicita que se aplique a fórmula orixinal do prego , o que segundo manifesta e posible de acordo coa serie continuada de prezos do gasoil dende o ano 1993 ,obtida a través da información solicitada a Subdirección Xeral de Hidrocarburos , dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a su vez publicada no Boletín Petrolero da UE.. Non obstante e para o cálculo de prezo aplica o prezo medio nacional de gasóleo de automoción do mes de agosto .

Examinada a documentación aportada , considérase que non e posible aplicar estritamente o disposto no Pregon de condicións que rixe a concesión, tal e como di a empresa concesionaria, pola desaparición do concepto de prezo máximo autorizado, non xustificándose na citada documentación que a serie continuada de prezos de gasóleo, sexa equivalente o concepto de prezo oficial máximo, polo que a xuízo da técnica que subscribe procede manter o criterio de revisión utilizado até a data .

Media do prezos medios de gasóleo A dende setembro 2013 a agosto 2014:

133, 898 cms/li.
O factor combustible sería = 133,898 X 1,033= 1,383 €/l

C) Factor I.P.C

A empresa Vitrasa acepta na presente revisión o criterio que se aplica nos últimos anos de conformidade cos datos recabados de Intervención Municipal consistente en considerar a variación de prezos dende xuño de 1994 ata o último agosto (2014), e onde xa se recollen os cambios de base e que é un 70,5%

$KT = 0.6295 \frac{24.562,40}{11.482,04} + 0.1196 \frac{1,383}{0.509} + (0.0296+0.1613) 1,705 + 0,06$

$KT = 1,3467+0,3250+0,3255+0,06=2.0572$

Co que o prezo unitario billete ordinario $0.4928 \times 2.0572=1,0138$
custo unitario coche / quilómetro $1.9884 \times 2.0572=4,0906$

Nº DE VIAXEIROS

A empresa concesionaria propón como previsibles para a próximo ano, 19.350.000 viaxeiros de conformidade co disposto no apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21

de decembro de 2009 segundo o cal se fixa como nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría incrementado en mais o en menos no porcentaxe de variación no mesmo período. O número real de viaxeiros durante o citado período é 19.451.508.

Nº DE QUILOMETROS

Comoqueira que ante a reclamación presentada pola empresa concesionaria na data 4 de novembro de 2013 adoptouse Acordo na Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2014 no que se evalúa a situación económica da concesión analizando os viaxeiros reais, número de quilómetros reais e transbordos, considérase que a partir da presente revisión tarifaría debe utilizarse como denominador no cálculo da repercusión da amortización do material mobil, terreos e instalacións e publicidade, o número real de quilómetros rodados, que no ano 2013 forón 6.837.280.

REPERCUSIÓN MATERIAL MÓBIL

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

A cota de amortización correspondente ó ano 2015 sería segundo o cadro de amortización presentado pola empresa concesionaria 2.096.988,54

No ano 2015 esta prevista a incorporación de oito vehículos en xaneiro cuxo importe é 1.845.855,68 € e 7 vehículos en novembro cuxo importe está previsto en 1.615.123,72 € polo que a inversión realizada é 40.293.207,47 €

A cantidade pendente de amortizar e polo tanto o importe dos gastos financeiros sería:

---- Inversión concesión :	40.293.207,47 €
---- Cantidade xa amortizada :	26.087.231,82 €
---- Cantidade pendente de amortizar	14.206.075,65 €

Os gastos financeiros ascenderán a :

Inversión pendente de amortizar 14.206.075,65 x 0,08 = 1.136.486,05

Como consecuencia a cantidade correspondente a amortización e máis os gastos financeiros ascende a 3.233.474,59 €

Repercusión por viaxeiro e qm

€/viaxeiro	$\frac{3.233.474,59}{19.451.508} = 0,1662$ €/viaxeiro
€/quilómetro	$\frac{3.233.474,59}{6.837.280} = 0,4729$ €/quilómetro

REPERCUSIÓN TERREOS

A repercusión correspondente a terreos e instalacións de acordo co cadro de amortización lineal é de 597.707,14 €.

Repercusión por viaxeiro e qm.

€/viaxeiro $\frac{597.707,14}{19.451.508} = 0,0307$ €/viaxeiro
 €/quilómetro $\frac{597.707,14}{6.837.280} = 0,0874$ €/quilómetro

PUBLICIDADE

É un concepto a deducir do custo.

A concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 198.342,61 presentando certificados das empresas contratistas.

O que supón unha dedución de $\frac{198.342,61}{19.451.508} = 0,0102$ € viaxeiro
 $\frac{198.342,61}{6.837.280} = 0,290$ €/quilometro.

De conformidade cos valores obtidos :

PREZO BILLETE ORDINARIO

Custo unitario	1,0138
Repercusión material móbil	0,1662
Repercusión terreos e instalacións.	0,0307
Publicidade -	<u>0,0102</u>
Total	1,2005
I.V.A.	<u>0,1201</u>
	1,3206 redondeo 1,32

PREZO COCHE /QUILOMETRO

Custo unitario	4,0906
Repercusión material móbil	0,4729
Repercusión terreos e instalacións	0,0874
Publicidade. -	<u>0,0290</u>
Total	4,6219
I.V.A	<u>0,4622</u>
	5,0841

PREZO DOS DISTINTOS BONOS

De conformidade coa política seguida polo Goberno Municipal de non incrementar o prezo dos distintos bonos , polo Concelleiro-delegado propónse a conxelación do prezo dos bonos , mantendo os prezos vixentes durante o ano 2014 .

INFORMACIÓN ECONOMICA

De conformidade co disposto no artigo 62 de prego de condicións que rexe a concesión o concesionario estará obrigado a presentar anualmente unha auditoría de empresa , efectuada pola empresa auditora elixida polo Concello entre unha terna de recoñecida solvencia presentada polo concesionario e con estrita suxeición a lei de auditorías

LEXISLACIÓN APLICABLE

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, formulase a seguinte proposta a Xunta de Goberno Local previo informe favorable da Intervención Municipal :

P R O P O S T A:

1) Aprobar as tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa "VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L." para o ano 2015, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente os seguintes :

- * prezo billete..... 1,32 €
- * prezo coche/qm..... 5,0841 €

2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

3) Manter os prezos dos bonos para o ano 2015, nas contías vixentes até a data e que son as seguintes :

<i>bono bus normal</i>	<i>0,86</i>
<i>bono bus estudante</i>	<i>0,83</i>
<i>bono bus pensionista I</i>	<i>gratuito</i>
<i>bono bus pensionista II</i>	<i>gratuito</i>
<i>bono bus universitario</i>	<i>0,65</i>
<i>bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante</i>	<i>gratuito</i>
<i>bono social</i>	<i>0,66"</i>

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.